




www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-mestre-educacion-infantil-mestre-educacion-0



Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria



www.usc.gal



Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria

Esta dobre titulación está orientada a formar profesionais idóneos para exercer tanto no ámbito da educación infantil (0-6 anos) como na educación primaria (6-12 anos). Os dous títulos habilitan para o exercicio de profesións reguladas (Mestre/a en educación infantil e Mestre/a en educación primaria). Este Grao impártese na Facultade de Ciencias da Educación.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Ciencias da Educación

Campus Vida:

Rúa Prof. Vicente Fráiz Andón, s/n, 15782
Santiago de Compostela
educacion.decanato@usc.gal

Campus Norte:

Avda. Xoan XXIII, s/n, 15782
Santiago de Compostela
educacion.decanato@usc.gal

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-mestre-educacion-infantil-mestre-educacion-0

Presentación Interuniversitario: Non

Duración: 5

Número de prazas: 16

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

O número de créditos obrigatorios dos que o alumnado debe matricularse é de 348, aos que haberá que engadir un maior ou menor número de créditos optativos en función das mencións cualificadoras que se desexen cursar: ningunha mención, 6 optativas xerais (27 créditos); unha mención nun só título, 4 optativas da mención e 6 optativas xerais (45 créditos); unha mención en cada título, 4 optativas de cada mención e 2 optativas xerais (45 créditos).

As actividades académicas comezan a principios de setembro. Para máis información, consultar a páxina da Facultade (http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/).

A titulación está distribuída en 5 cursos, cun total de entre 375 e 393 créditos (en función da mención ou mencións que se cursen), que están formados por 114 créditos de formación básica, 216 créditos de materias obrigatorias, entre 27 e 45 créditos de materias optativas e 18 créditos correspondentes ao traballo de fin de grao.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. Xestínanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O plan de estudos deste dobre grao inclúe 66 créditos de carácter obrigatorio. Para o seu desenvolvemento, establecéronse convenios coa administración educativa.

As Prácticas distribúense en tres períodos, o PRACTICUM I, de 18 créditos, no primeiro semestre do 3º curso, o PRACTICUM II (Primaria) no segundo semestre do 4º curso de 24 créditos, e o PRACTICUM II (Infantil) no primeiro semestre do 5º curso de 24 créditos.

Ofértanse dúas mencións cualificadora:

- Mención en linguaxes artísticas
- Mención en Atención á diversidade

Saídas profesionais

No ámbito docente e formativo, onde se concentra a súa actividade profesional, os/as mestres/as poden traballar en centros de ensino públicos e privados, academias, centros de educación permanente, servizos educativos en centros sanitarios, centros socioculturais, centros de acolleita, etc.

No ámbito empresarial, poden realizar actividades de asesoramento en empresas de xogos, de materiais didácticos, editoriais, parques temáticos, etc. Hai que destacar que unha apropiada formación complementaria ao longo da carreira e a formación continua e a especialización, unha vez acabados os estudos, facilitan de forma significativa as posibilidades de inserción laboral.

